




TARABELA
CREATIVA



BOA SORTE MALA FAMA

TEXTO E DIRECCIÓN: CARMEN CONDE

SINOPSE



Sempre se soubo, claro está, que as anduriñas son aves de bo agoiro, que alí onde aniñan traen fortuna, que anuncian a primavera e que os mariñeiros as tatuaban na pel por cada travesía da que lograban retornar. Pouco se fala, en cambio, do molestas que se lle fan a moita xente co seu canto agudo e co seu xeito de enchelo todo de excrementos. Por iso estas aves dan boa sorte, pero teñen mala fama. Ningún outro animal se parece tanto aos emigrantes galegos: estamos en cada continente, vivimos facendo colonias, temos na cabeza o camiño de volta a casa e marchamos por necesidade. E, igual que as anduriñas, gañamos mala fama, aló onde fomos buscar a nosa boa sorte. Este espectáculo nace da necesidade de contar, precisamente, aquilo do que pouco se fala.

Trátase dunha traxicomedia en tres actos: Acto primeiro, os tratos; acto segundo, os maltratos e acto terceiro, os retratos. Nos que facendo unha cartografía e un percorrido a través de diferentes épocas e persoas se contará a historia máis “incómoda” da nosa emigración. Empregando para isto tres disciplinas: a narración oral (que será o fío condutor), a música ao vivo (que fará que o público se ubique naquelas outras realidades e sensacións que atravesamos) e na interpretación actoral (coa que se poñerá corpo ás palabras e coa que se traballará na metáfora do espello e do reflexo como leit motiv.) Tres mulleres en escena para representar cada unha dende a súa disciplina o rostro menos institucional da emigración galega.

FICHA TÉCNICA

Título: Boa sorte, mala fama.
Idea e creación: Tarabela Creativa.
Xénero: traxicomedia.
Idioma: galego.
Duración: 120 min. aprox.
Público: Adulto (+16).
Dirección: Carmen Conde.
Dramaturxia: Carmen Conde.
Narración oral: Carmen Conde.
Elenco: Mariña Pena.
Música ao vivo: Nastasia Zürcher.
Voz en off actos: Antonio Otero.
Voz en off avó materno: Diego Gallego.
Voces en off “mafia”: Vituco Neira e David Barbas.
Iluminación: Diego Gallego.

Son: Ezequiel Orol.
Producción: Diego Gallego.
Producción executiva: Diego Gallego e Carmen Conde.
Escenografía: Bieito Inc.
Fotografía: Sabela Eiriz.
Asesoría máxica: Mago Rafa.
Coreografía: Lola Saltatore.
Deseño de identidade: Hei Castro.
Vestiario: Los alfileres de Elia.
Asesoría xurídica: Xestiona (Santiago de Compostela).
Distribución: Tarabela Creativa.
Colaboran: Deputación de Lugo. Deputación da Coruña. Concello de Lugo. Concello de Sarria.



Estación de Radio

“Si soy así”, de Hugo del Carril.
 “Vals no2”, de Shostakovich.
 “You Don’t Own Me”, de Lesley Gore.
 “Personal Jesus”, de Depeche Mode.
 “Donde Nadie Más Respira”, de Ile.
 “Indestructible”, de Ray Barretto.

“La Tirana”, de La Lupe.
 “Baby Pop”, de France Gall.
 “A Minha Menina”, de Os Mutantes.
 “Gopher Mambo”, de Yma Sumac.
 “Se Dice de Mí”, de Tita Merello.



•BUENOS AIRES •AMSTERDAM
 •MEXICO D. F. •NEW YORK
 •LA HABANA •MOSCOVA
 •A CORUÑA •PARIS
 •MONTEVIDEO •VIGO

A COMPAÑÍA



Tarabela Creativa é unha compañía asentada en **Lugo** e fundada por **Diego Gallego** e por **Carmen Conde** que reúne sendas traxectorias profesionais en distintos ámbitos: Diego, procedente do mundo da produción e da xestión comercial; Carmen, guionista, narradora e dramaturga.

Perseguen **dúas vocacións**: a primeira, **contar historias** a través das artes escénicas e do audiovisual... A segunda, un fundamental labor de plantar a semente dos futuros contadores e contadoras en diverso formato a través da **formación**.




Baixo o seu selo teñen escrito e producido varios **espectáculos** de narración oral para público adulto e infantil, con grande presenza tanto en **teatros e auditorios de Galicia**, coma en **festivais** de diverso corte: “Elas Son Artistas”, “Agrocuir”, “De perto”, “A boca chea”, “Sete falares”, “Oikonomos”, “Festival Escena Muller”...

A base de todo o traballo de Tarabela Creativa fundaméntase nas **recollidas**, que despois supoñen un arquivo e un repositorio dos que parten toda a escrita e a posta en escena.



Crearon a **miniserie web “Premios Darwin”**, así como a **serie dixital** sobre a historia da música en Galicia **“Quéreme soar!”** para a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Así mesmo, ocupáronse da dirección artística, guiión e presentación dos **IX Premios Martín Códax da Música Galega**.



Teñen como eixos fundamentais a **ruralidade, o silenciado e as disidencias**.

Deste xeito, Tarabela Creativa completa a súa filosofía de achegar relatos que, tendo a súa orixe no común e corrente, alcanzan altas cotas de extraordinario.

O EQUIPO



Carmen Conde
Dirección e narración oral.



Nastasia Zürcher
Música ao vivo.




Mariña Pena
Interpretación actoral.



Diego Gallego
Xestión, produción e iluminación.



Ezequiel Orol
Son.



Bieito Miranda
Escenografía.



O XERME E O PROCESO DE INVESTIGACIÓN

O Xerme

Era unha noite dos anos 50, cando Alejo Gaute, o avó de Carmen Conde, se ergueu da súa cama en Moncelos, Abadín. Xunto del durmía a súa muller María. E noutras habitacións da casa as súas tres nenas. Non espertou a ninguén. Nin avisou de nada. Silenciosamente vestiuse, saiu da casa, e foi a Vigo coller o barco. Á mañá seguinte non estaba en ningures. A súa muller e as nenas buscárono arredor dun mes sen resultado. Entón, chegou unha carta: “Tranquilas,

estou ben. Estou en Buenos Aires. Xa irei mandando cartas e cartos”. Mais nin cartas nin cartos. Pasaron dez anos. Aquelas mulleres organizaron a súa vida soas entre as catro. A nai de Carmen aquela noite da década dos 50, tiña tres anos. Tiña trece o día que se lle presentou na porta da casa un home que ela non recoñeceu. Decía que era o seu pai. Antes de deixarlle pasar, ela chamou por súa nai para verificalo: “Si, que é, filliña... Pasa, anda, pasa...” E retomaron



BOA SORTE MALA FAMA

a vida como se aquel paréntese de dez anos nunca existira. Mais existira, claro! El retornara sen querer facelo. Era o único dos irmáns que tiña a súa vida feita en Galicia. O resto casaran e asentáranse na diáspora. Por iso cando os pais enfermaron tocoulle a el vir. Con desgana. Por iso o pagou coas mulleres da súa familia. Maltratándoas. Todo o mundo fala marabillas de Alejo alén do mar. Pero o certo é que acó na aldea era outra persoa. Froito do desexo de entender ata que punto dous lugares distintos dan versións tan opostas dunha soa persoa, nace este proceso de investigación no que, como sempre, o camiño saca á luz moitas outras realidades de dobre cara que merecen ser contadas. Esta historia familiar é a que detona Boa sorte, mala fama.

O proceso de investigación

Durante un ano e medio Tarabela Creativa realizou entrevistas a varios Centros Galegos, á Asociación de Jóvenes Emigrantes Retornados en Galicia, a asociacións fundadas na diáspora que se ocuparon de abrir escolas en parroquias de todo o país, a cregos, a represetantes de caixas e bancos, a sindicalistas na diáspora, ao Arquivo da Emigración Galega, a ducias de emigrantes rotornados dende medio mundo a toda

O XERME E O PROCESO DE INVESTIGACIÓN



a xeografía galega, documentouse con bibliografía e hemeroteca, visitou museos da emigración, tratou de contactar cos portos galegos e conversou coa filla dunha das fundadoras das Nais da Praza de Maio, Dionisia López Amado, de Cedeira. Recollendo historias de Venezuela, Arxentina, Uruguai, Brasil, Cuba, Panamá, Guinea Ecuatorial, Australia, Bélxica, Suíza, Alemaña, Francia, Gran Bretaña, Países Baixos, Estados Unidos ou Canadá.



A NOSA VIAXE



TRATAMENTO



Contamos a outra cara da historia

Un dos achádegos máis importantes que fixemos neste camiño foi que dende o poder hai un relato moi claro do que é un emigrante. Este relato omite a parte máis escura de todo ese fenómeno e mesmo romantiza experiencias vitais durísimas baixo a filosofía do “camiño do heroe”. A nosa proposta trata de desaprender ese relato, xustamente abordando as partes da historia máis silenciadas.

Por iso os temas que abordamos...

Por iso os temas que abordamos, e que se poden ver ao detalle na seguinte páxina pretenden reparar a memoria de todas aquelas persoas que emigraron polas máis diversas fames: de comida, de liberdade, de ser... e que seguramente non se viron reflectidas no que oficialmente se contou.

Tamén repara a memoria daquelas persoas que quedaron, e que na presenza pesada daquelas ausencias teceron a súa existencia.





Escenografía simbólica



O símbolo e a metáfora son moi importantes nesta obra. Ubicaremos no espazo e no tempo ao espectador a través dunha estación de radio, por iso mesmo en escena haberá un dial de grandes dimensións dende o que escoitaremos música ao vivo que nos sitúe en cada historia. E dúas imaxes serán poderosas: a de tres anduriñas, ave migratoria con maior presenza en todo o mundo, e os espellos, imaxe da sincronía da historia: os que hoxe veñen son reflexo dos que de acó marchamos no pasado. Pero tamén hai efecto espello nas repeticións e nos opostos do que sucedía no lugar de orixe e no de destino.



EIXOS TEMÁTICOS



PLANO DE ESCENOGRAFÍA



RIDER TÉCNICO DE SON

Altosfalantes para cubrir uniformemente o espazo e con calidade, line array ou compactos, **Bose F1, Yamaha DRK, QSC K, EV Everse...** esa gama de compactos sería ideal.

Mesa Soundcraft UI 12/16/24. A obra está feita en escenas nesa serie de mesas de son, outra mesa non é contemplada, calquera das mencionadas vale, con preferencias das dúas primeiras. Estará posta no lado esquerdo do escenario segundo mira o público.

2 receptores **Sennheiser EW 100 G4/XSW 2-ME2** coas súas respectivas petacas.

2 micrófonos de solapa **Sennheiser MKE 2/ MKE Essential** en cor pel.

1 Rollo **cinta 3M** transparente cirúrxica.

2 caixas de inxección ou unha estéreo de calidade, **BSS, DOD**, etc.

1 Cable minijack TRS a dous jack TS/XLR (de CALIDADE).


1 Micrófono **Shure SH55** con pé de sobremesa e **pinza tamaño inalámbrico de man.**

1 Micrófono **Shure SM58** con pé de sobremesa con pinza propia de SM58.

1 Kit inalámbrico XLR tipo **XVIVE U3** para micro dinámico (emisor e receptor XLR).

** Cableado XLR para todo o antes mencionado.


PLANO DE LUCES



Compañía: Tarabela Creativa

Obra: Boa sorte, mala fama

Contacto: Diego Gallego (654363031)



		36° Source Four	L102	13
		36° Source Four	L102	14
LX2	1	36° Source Four	L202	10
LX2	2	Prelude 16/30	L202	9
LX2	3	50° Source Four	L202	8
LX2	4	Prelude 16/30	L202	7
LX2	5	36° Source Four	L202	6
LX3	1	Prelude 16/30	L102	12
LX3	2	Prelude 16/30	L102	11
LX1	1	36° Source Four	L202	5
LX1	2	Prelude 16/30	L202	4
LX1	3	50° Source Four	L202	3
LX1	4	Prelude 16/30	L202	2
LX1	5	36° Source Four	L202	1

NECESIDADES TÉCNICAS E FOLLA DE RUTA

Tempo de montaxe

A descarga e a montaxe de luces e escenografía farase na mañá do día da función (4 horas). Probas de son e ensaio na tarde do día da función (4 horas).

Tempo de desmontaxe

90 minutos +30 minutos de carga.

Espazo escénico

Mínimo: 8m de boca x 6m de fondo x 3m de alto.

Óptimo: 10m de boca x 8m de fondo x 4m de alto. Cámara negra á italiana.

Son e iluminación

Material aportado pola compañía, complementándose co espazo (segundo plano).

Potencia son: 3520 w.

Potencia iluminación: 16A.

Aparcamento

Zona de carga e descarga habilitada para dous vehículos (furgón e turismo). De ser posible, que podan quedar estacionados ata que a compañía marche.

Persoal aportado polo espazo

1 maquinista, 1 técnico de son e 1 técnico de iluminación.

Persoal en xira da compañía

1 técnico de iluminación, 1 técnico de son, 1 escenógrafo e 3 de equipo artístico.

Camaríns

Dous.

Contacto

Diego Gallego: 654363031
info@tarabelacreativa.com

tarabelacreativa.com

Producción e Xestión
Diego Gallego
Tfn. 654363031

Dirección Artística
Carmen Conde
Tfn: 665699204

